

Programa Universitario de Maiores – Campus VIGO

Guía Docente: Curso 2024-2025

Información xeral:

Nome materia	Fisioloxía humana e saúde		
Código /Tipo	IV31 452/ Materia Obligatoria		
Titulación	Universitario/a Senior en Cultura e Sociedade		
Créditos ECTS	3	Total horas presenciais	30
Lingua impartición	Castelan		
Lugar impartición	Aula 216 Edificio Anexo (Escola de Enxeñeiros Industriais), andar 2º		
Curso / Semestre	Primeiro/ 2 Cuadrimestre	Horario*	Mércores 17:45 - 20 h 15 min descanso
Coordinador/a	Mercedes Peleteiro Olmedo		
Profesorado	Mercedes Peleteiro Olmedo Olivia Estévez Martínez		
Correo-e	mpeleteiro@uvigo.gal olivia.estevez.martinez@gmail.com		
Observacións	Nº prazas: 40		

*Suxeito a modificacións por diferentes necesidades.

Obxectivos xerais:

- Preténdese que o alumnado adquira coñecementos xerais sobre o funcionamento do corpo humano, tratando un a un cada un dos aparatos e sistemas que forman o corpo así como a interacción entre eles.
- Preténdese que o alumnado adquira coñecementos no campo da saúde que lle axudarán a interpretar mellor á hora de ler, ver ou escoitar información relacionado co tema da saúde nos medios de comunicación e outros.

Metodoloxía docente:

Ademais da parte teórica impartida polo profesorado, haberá seminarios de actualidade impartidos por expertos durante algunhas das clases, co cal se busca que o alumnado coñeza algunhas das novidades no campo da Biomedicina. Así mesmo, a materia inclúe unha parte práctica, onde o alumnado defenderá un caso práctico relacionado con distintas patoloxías, co que se pretende que aprenda a manexar as diferentes fontes ao seu alcance na procura de información, comprenda e sintetice o máis relevante, e poida presentar e intercambiar coñecementos cos compañeiros.

Contidos: Programa teórico

Tema 1	A CÉLULA. Como está formada e como funciona unha célula. O ADN como molde para a síntese de proteínas. Ciclo celular e procesos de división celular: mitose e meiose. Envellecemento celular.
Tema 2	ORGANIZACIÓN CELULAR DO CORPO HUMANO. Principais tipos de tecidos: como funcionan e como se relacionan para dar lugar a estruturas máis complexas.
Tema 3	APARATO LOCOMOTOR. Estrutura do aparato locomotor e funcións dos osos, músculos e articulacións. Enfermidades asociadas: Artrite, osteoporoses, esguince de nocello, fracturas e outras patoloxías.
Tema 4	A PEL. Como está formada e que funcións cumpre. Enfermidades asociadas.
Tema 5	APARATO RESPIRATORIO. Anatomía do aparato respiratorio. Función pulmonar. Intercambio gasoso e respiración celular. Patoloxías asociadas.
Tema 6	SISTEMA CARDIOVASCULAR. Esquema xeral do sistema cardiovascular. Como funciona o corazón. O sangue: compoñentes e funcións. Tipos de vasos. Patoloxías asociadas.
Tema 7	SISTEMA LINFÁTICO. Esquema xeral e funcións do sistema linfático.
Tema 8	APARATO DIXESTIVO. Como está composto e as funcións que realiza. Patoloxías asociadas ó aparato dixestivo.
Tema 9	APARATO EXCRETOR. Anatomía do aparato excretor, composición e función dos riles. Enfermidades asociadas ó aparato excretor.
Tema 10	SISTEMA ENDOCRINO. Estrutura xeral, funcións que desempeña na regulación e control do organismo. Fallos do sistema e enfermidades que provoca.

Tema 11	SISTEMA NERVIOSO. Organización e compoñentes, función e aspecto básico do seu funcionamento. Patoloxías asociadas.
Tema 12	SISTEMA INMUNITARIO. Descrición. Compoñentes. Mecanismos de defensa. Patoloxías.
Tema 13	APARATO REPRODUTOR. O aparato reprodutor masculino e feminino: estrutura e funcións. Patoloxías asociadas.
Tema 14	CÁNCER E INMUNOTERAPIA
Tema 15	VACINAS
Tema 16	A DIETA ATLÁNTICA

Programa práctico ~ 6 horas

- Presentación de traballos por parte do alumnado
- Visita ao Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO)

Avaliación:

Asistencia e participación	A asistencia e aproveitamento das clases. Cun 80% de asistencia o alumno obterá un aprobado (5 sobre 10) na materia.	50 %
Traballo individual	Traballo de temas relacionados coa materia. Este traballo avaliarase con ata un máximo 2,5 puntos que se sumarán ós obtidos da asistencia e participación.	25%
Exame teórico	Cuestionario sobre a materia. Esta proba poderá chegar a sumar ata 2,5 puntos sobre os 5 puntos obtidos pola asistencia e participación.	25%

Outros comentarios sobre avaliación e recomendacións:

No caso de non ser posible a avaliación da materia de maneira presencial, optarase pola modalidade de avaliación especificada a continuación:

1. Cuestionario telemático sobre a materia. Esta proba terá unha cualificación máxima de 5 puntos
2. Resolución de problemas. Exercicios de resolución en liña que se valorarán cun total de 2 puntos.
3. Traballo de temas relacionados coa materia. O traballo será entregado de forma telemática e poderá sumar ata un total de 3 puntos.

Esta guía é unha programación didáctica con carácter orientativo que pode experimentar cambios en función de eventualidades diversas que poidan xurdir na súa posta en práctica.